



***Resolución do 14 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade ás adhesións solicitadas polas Entidades Locais de Galicia que figuran no anexo desta resolución, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia***

En data 13 de xullo de 2010 asinouse Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

En data 13 de outubro de 2010 asinouse addenda ao referido convenio polo que se ampliaba o prazo de adhesión ata 31 de marzo de 2011, prazo renovado por nova addenda de data 29 de marzo de 2011 ata o día 31 de decembro de 2011.

A cláusula décimo sétima establece a existencia dunha comisión de seguimento, que comprenderá, entre outras, a conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

A devandita comisión de seguimento, segundo consta na acta remitida pola secretaría da comisión, na súa reunión de data 14 de decembro de 2010, acordou delegar a autorización das adhesións no director xeral de Administración Local.

En data 27 de abril de 2011, emitiuse unha primeira resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata marzo de 2011.

En data de 29 de xullo de 2011, emitiuse unha segunda resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata o 11 de xullo de 2011.

Tramitadas novas solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 11 de novembro de 2011.

Polo exposto;

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da comisión de seguimento do mesmo de data 14.12.2010; **RESOLVO:**

**Primeiro.** – Prestar conformidade as seguintes solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas dende a segunda resolución de data 29 de xullo ata 11 de novembro de 2011, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e que figuran no anexo unido a presente resolución.

**Segundo.** – Posteriormente deberá procederse á aplicación do establecido na cláusula décimo sétima do convenio e certificar pola secretaría da comisión de seguimento a conformidade ás entidades locais.

Santiago de Compostela, a 14 de novembro de 2011

O director xeral de Administración Local

  
José Norberto Uzal Tresandí



## ANEXO:

### ENTIDADES ADHERIDAS

ENTIDADE	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN	RESOLUCIÓN
Concello de Coruña (A)	A Coruña	Validada	3ª
Concello de Culleredo	A Coruña	Validada	3ª
Concello de Oleiros	A Coruña	Validada	3ª
Concello de Chantada	Lugo	Validada	3ª
Concello de Lugo	Lugo	Validada	3ª
Concello de Nogais (As)	Lugo	Validada	3ª
Concello de Quiroga	Lugo	Validada	3ª
Concello de Sober	Lugo	Validada	3ª
Concello de Castrelo do Val	Ourense	Validada	3ª
Concello de Larouco	Ourense	Validada	3ª
Concello de Taboadela	Ourense	Validada	3ª
Deputación de Ourense	Ourense	Validada	3ª
Concello de Marín	Pontevedra	Validada	3ª